

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 25 DE XUÑO DE 2014**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e cinco de xuño deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbanse as actas das sesións ordinaria e extraordinaria e urgente das Xuntas de Goberno Local, correspondentes aos días 11 e 19 de xuño de 2014, respectivamente.

**ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.-** Acórdase a concesión de licenza municipal de instalación para modificación e ampliación da fábrica de pratos cociñados e precociñados, con licenzas 181/96, 182/96 e 183/96, e de licenza de obras para ampliación de planta primeira, reforma e acondicionamento interior de naves con licenzas 431/93 e 525/03 para fábrica de pratos cociñados e precociñados, e agrupación da parcela 55A coas parcelas 52, 53 e 54, sendo a localización da obra a rúa da Agricultura, parcelas 52-53-54 e 55-A.

Tamén se acorda a concesión de licenza municipal de instalación e de licenza de obras para reforma e ampliación de corte de gando vacún, silos forraxeiros, fosa de xurro e esterqueira en Bazar (parcelas 43 e 44, polígono 170).

**2. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para reforma de fachada na planta baixa do edificio catalogado, sito en solo urbano na rúa Doutor Castro, número 2; para demolición de dúas edificacións de planta baixa, na rúa do Pomar, números 39-41; para acondicionamento de fachada na planta baixa do edificio con licenza 1501/05, sito na rúa Angelo Colocci, número 29; para a redución da superficie en planta por traslado da fachada sur, modificacións nos ocós de fachada e cornixa e reforma na distribución interior, como modificación da licenza 840/2010, para rehabilitación de vivenda unifamiliar en edificación tradicional no núcleo rural 20.5 Coeo (San Vicente de Coeo), parroquia de Coeo; para a reforma e ampliación de vivenda unifamiliar en edificación tradicional e demolición de anexos, no núcleo rural 54.9 Teixeira-O

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	01/07/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	1/3



u/K/seVQ2cM+QKVWm2UjuA==

Cotillón, numero 11, parroquia de Teixeira, as aliñacións e rasantes son as resultantes do decreto número 14005141, do 29 de maio de 2014; para a reconstrución e rehabilitación parcial de edificio tradicional para vivenda, sita no núcleo rural 29.2 Castro (lugar)-Vilar-Guntín, parroquia de Meilán; para a instalación de equipamento comunitario para uso deportivo en solo rústico común e legalización de muro de peche, parcelas 30 e 31, do polígono 502 de A Torre, parroquia de Orbazai, e para cambio de uso de 6 locais sen uso a 6 vivendas no edificio sito na avda. da Coruña, esquina rúa Menorca.

Acórdase a denegación das seguintes licenzas: para legalización de cambio de uso de corenta apartamentos turísticos a corenta vivendas no edificio sito na rúa José Novo Freire, número 20 e denegación de licenza para a construción dun galpón para almacén de leña e apeiros en Santoiño-Piúgos.

### ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

**3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación da prestación de actividades extraescolares e complementarias que leva a cabo a Concellería de Educación nos CEIPS do Concello de Lugo dentro do programa "Unha escola aberta", e a apertura do procedemento de adxudicación.

Acórdase non tratar este asunto xa que foi incluído por error de transcripción na orde do día: Contratación mediante lotes do servizo de vixilancia no fogar do transeúnte (lote 1) e servizo de vixilancia no parque da milagrosa (lote 2). Aprobación dos pregos de prescricións técnicas e modificación do prego de cláusulas administrativas particulares. Declaración de deserto do procedemento de adxudicación seguido para a adxudicación do contrato de vixilancia do parque da Milagrosa e nova convocatoria mediante procedemento aberto.


Tamén se acorda a revisión de prezos do contrato suscrito coa empresa adxudicataria do servizo de prestación integral das actividades de animación sociocultural para o período que abrangue dende o 24 de agosto de 2013 ata o 23 de agosto de 2014.

Acórdase a actualización de renda en varios contratos de alugamento para uso de vivendas con opción de compra, propiedade do Excmo. Concello de Lugo, ao abeiro do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Lugo para a adquisición de 15 vivendas polo Concello no "Programa de erradicación do chabolismo.

**4. FACENDA LOCAL.-** Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre

Código Seguro de verificación: u/K/seVQ2cM+QKVWm2UjuA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	01/07/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	u/K/seVQ2cM+QKVWm2UjuA==	PÁGINA 2/3



u/K/seVQ2cM+QKVWm2UjuA==

construcións, instalacións e obras, ao denegarse a licenza solicitada para reforma do fondo de planta baixa e entresollado do edificio con licenza número 76/93, con ampliación de catro plantas altas para construción de novo edificio con fronte á rúa Escultor Asorey, 23.

Tamén se acorda a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao denegarse a licenza solicitada para reforma do fondo de planta baixa e entresollado do edificio con licenzas número 114/93, número 753/93 e número 707/97 con ampliación de catro plantas altas para construción de novo edificio con fronte á rúa Escultor Asorey, 19.

Así mesmo, acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, polas obras de adecuación do edificio sito na avda. Doutor García Portela para sede do INE.

Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao renunciar á licenza de obras número 1007/2013 concedida para a reforma interior de local de planta baixa e soto no edificio sito na rúa da Raiña, 17-19.

Do mesmo xeito acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao denegarse a licenza solicitada para construír un entresollado independente no edificio sito na rúa Lamas de Prado, 34.

Tamén se acorda a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza solicitada para cambio de uso de planta baixa de comercial a garaxe no edificio sito na rúa Otero Pedrayo (Profesor), 50.

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:**

- Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto para a contratación do Servizo de prevención alleo nas especialidades técnicas: seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicocioloxía aplicada, así como da vixilancia da saúde, e a apertura do procedemento de adxudicación.

**Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.**

Código Seguro de verificación: u/K/seVQ2cM+QKVWm2UjuA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		FECHA	01/07/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	u/K/seVQ2cM+QKVWm2UjuA==	PÁGINA	3/3
 u/K/seVQ2cM+QKVWm2UjuA==				